



CIRCULAR INFORMATIVA 11-09-2019

Desexámoslles un bo curso e informamos do seguinte:

HORARIO DE SECRETARÍA: días lectivos de 09:15 a 14:15 h.

ENTRADAS E SAÍDAS DO ALUMNADO.

Para evitar situacións de perigo, utilicen as beirarrúas. A estrada é só para o uso de vehículos autorizados (transporte escolar e persoal do centro).

Queremos lembrarllles que soamente nas xornadas de portas abertas, os pais/nais poden acceder aos corredores e ás aulas. Para consultas deben dirixirse á secretaría.

Coa intención de aumentar a responsabilidade dos nenos/as, pregamos abstéñanse de traer á secretaría bocadillo, tenis, libretas... Os rapaces/as son os que teñen que telos na súa mochila.

Horario de apertura e peche da porta peonil:

- Pola mañá de 8:00 a 9:25 h.
- Pola tarde de 13:55 a 18:15 h.

Pasados 10 minutos da hora de entrada (09:25h.), os alumnos/as co familiar, dirixiranse á secretaría desde onde irán ás súas respectivas aulas. Os titores/as rexistrarán o retraso e recollerán o correspondente xustificante.

Recomendamos, na medida do posible, que recollan aos alumnos/as coincidindo cos cambios de clase. O horario das sesións está exposto no taboeiro da entrada.

COMEDOR ESCOLAR, AULA MATINAL E AULA DE TARDE funcionan desde o primeiro día de clase e son xestionados pola ANPA.

ACTIVIDADES DA TARDE:

Poderán anotar aos seus fillos/as ás actividades segundo a circular da ANPA. Só poden anotarse a estas actividades os socios/as.

BIBLIOTECA.

Inauguración en outubro.

A actividade de biblioteca pola tarde será do 1 de outubro de 2019 ao 29 de maio de 2020, en horario de 16:00 a 18:00 h. A biblioteca é lugar de lectura, estudo e consulta para toda a comunidade educativa. Os alumnos/as menores de 6 anos que desexen permanecer na mesma deben estar acompañados por un familiar.

AVISOS:

As familias que non recolleron o vale de material/libros poden pasar por secretaría.

Lembramos que non está permitido o uso de móbiles ao alumnado.

Pregamos devolvan asinado o “permiso de saídas 2019/20”, e “autorización de persoas para recoller ao alumnado” segundo as instrucións 9/2017 da S.X. Técnica da Consellería de Educación (o alumnado de 5º e 6º pode marchar só e recoller aos irmáns menores).

Ao alumnado participante no Fondo Solidario se lle entregarán os libros e terá que coidalos e devovelos en bó estado en xuño de 2020.

O Concello está realizando un estudo para o Plan de Mobilidade de Tui. Poden participar cubrindo unha enquisa na seguinte ligazón: <https://bit.ly/2m8seNR>

Un saúdo.

A DIRECCIÓN